



ANEXO III.- ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

NORMAS DE FUNCIONAMENTO MARCO

DENOMINACIÓN ENTIDADE TITULAR	Concello de Vilagarcía de Arousa Centro: Escola Infantil Municipal
	Núm. RUEPSS: E- 0486 C-1
ENTIDADE XESTORA	Bonecos S.L.
	Núm. RUEPSS: E-5844

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que a entidade dispón de normas de funcionamento visadas polo servizo de inspección que están dispoñibles na área de descargas da aplicación RUEPSS e expostas no taboleiro da escola

Que a información específica sobre o funcionamento do centro é a seguinte:

a) Prazos:

- Para solicitar a renovación de praza é do 1 - 15 de Marzo de 2026.
- Para solicitar a reserva de praza de novo ingreso é 23 de marzo - 15 de Abril de 2026.
- Para realizar a matrícula é do 3- 23 de Xuño de 2026.
- A comunicación de baixas na escola realizarase cun mes de antelación con rexistro de entrada no concello.

b) Horarios:

- Apertura da escola infantil: 07:30 h. (susceptible de cambios en función da demanda).
- Peche da escola infantil: 20:00 h. (susceptible de cambios en función da demanda).
- Servizo de comedor: xantar de 12:00 a 14:00 h e merenda de 16:00 a 17:00 h.
- Atención ás familias: aulas de 0-1 e 1-2: 9.30 a 10.00 h e aulas 2-3: 13.30 a 14.00 h.

c) Vacacións e ausencias:

- Os nenos e nenas deberán gozar dun mes enteiro de vacacións, preferiblemente o mes enteiro en xullo ou agosto. De non poder ser, poderase coller por quincenas. Deberá notificalas ao Concello con data límite 30 de xaneiro. Pasada esta data asignaráselle de oficio o mes de agosto.
- A Xunta de Galicia fomenta a gratuidade da atención educativa durante 11 meses ao ano. No suposto excepcional e xustificado, de facer uso da escola por un período superior ao subvencionado deberá ser aboado polas familias. O período subvencionable é o correspondente á atención educativa entre o 1 de setembro e o 31 de xullo do ano en curso.



- O mes de agosto non é subvencionado polo que a asistencia neste mes dun neno ou nena debe ser aboada polas familias.
- A non asistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 5 días sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa de gratuidade.

d) Período de peche da Escola Infantil Municipal:

Atendendo as tarefas de organización de inicio de curso, mantemento e limpeza, e en similitude coas datas de peche das escolas infantís pertencentes á Rede de Galiñas Azuis da Xunta de Galicia, o centro permanecerá pechado:

- do 1 ao 6 de setembro de 2026.
- os días 24 e 31 de decembro de 2026.
- días festivos locais.
- días festivos autonómicos.
- a escola pechará ás 15:30 horas os días 5 de xaneiro e martes de entroido.

e) Prezos:

- Metodoloxía: Para a determinación do importe mensual do prezo, tomarase da Declaración do I.R.P.F. correspondente ao exercicio 2025 o importe dos ingresos totais de cada un dos membros da unidade familiar, que será calculado por agregación da base imponible xeral coa base imponible de aforro e segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Calcularase a renda per cápita familiar mensual referida ao IPREM do 2026 e se aplicará o prezo, tal e como se indica nas seguintes táboas, e de acordo o indicado no *“Decreto 49/2012, do 19 de Xaneiro polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes de esta consellería”*.

PREZOS ATENCION EDUCATIVA			
TRAMOS RENDA PER CAPITA MENSUAL	CUSTE EDUCATIVO		
<i>En funcion do indicador público de efectos múltiples (IPREM)</i>	ATENCION EDUCATIVA BONIFICADA XUNTA	ATENCION EDUCATIVA BONIFICADA CONCELLO	HORARIO AMPLIADO custe / hora
1. inferiores ó 30% do IPREM	0,00 €	169,26 €	21,16 €
2. Entre ó 30% e inferior ó 50% do IPREM	0,00 €	169,26 €	21,16 €
3. Entre ó 50% e inferior ó 75% do IPREM	34,91 €	134,35 €	21,16 €
4. Entre ó 75% e inferior ó 100% do IPREM	69,81 €	99,45 €	21,16 €
5. Entre ó 100% e inferior ó 120% do IPREM	112,13 €	57,13 €	21,16 €
6. Entre ó 125% e inferior ó 150% do IPREM	133,29 €	35,97 €	21,16 €
7. Entre ó 150% e inferior ó 200% do IPREM	147,05 €	24,21 €	21,16 €
8. Superior ó 200% do IPREM	169,26 €	0,00 €	21,16 €



PREZOS ATENCION COMEDOR			
TRAMOS RENDA PER CAPITA MENSUAL	CUSTE COMEDOR		
En funcion do indicador público de efectos múltiples (IPREM)	CUOTA COMEDOR FAMILIA	CUOTA COMEDOR BONIFICADA CONCELLO	
1. inferiores ó 30% do IPREM	0,00 €	74,05 €	
2. Entre ó 30% e inferior ó 50% do IPREM	17,45 €	56,60 €	
3. Entre ó 50% e inferior ó 75% do IPREM	17,45 €	56,60 €	
4. Entre ó 75% e inferior ó 100% do IPREM	26,45 €	47,60 €	
5. Entre ó 100% e inferior ó 120% do IPREM	37,02 €	37,03 €	
6. Entre ó 125% e inferior ó 150% do IPREM	52,89 €	21,16 €	
7. Entre ó 150% e inferior ó 200% do IPREM	63,47 €	10,58 €	
8. Superior ó 200% do IPREM	74,05 €	0,00 €	

Descontos :

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

- Menores pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 %
 - Menores pertencentes a familias monoparentais/monomarentales, desconto dun 20 %
 - Menores pertencentes a familias en situación acreditada de vítima de violencia de xénero 20 %.
 - Menores pertencentes a familias cunha renda per capa inferior a 7.500€/ano disfrutaran da exención de cuota a partir da segunda filla/o que acuda a mesmo centro educativo. “Decreto 91/2014, de 17 de xullo polo que se modifica el “Decreto 49/2012, do 19 de Xaneiro polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta conselleria”.
 - Menores en acollemento familiar con medidas administrativas de tutela ou garda disfrutaran da exención de cuota. “Decreto 91/2014, de 17 de xullo polo que se modifica el “Decreto 49/2012, do 19 de Xaneiro polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta conselleria”
- Revisión de prezos: atenderase ao establecido no “Decreto 49/2012, do 19 de Xaneiro polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3” e as actualizacións autonómicas ao respecto.

Ao longo do curso poderase revisar a cota do servizo/s fixado inicialmente, baixo petición expresa da familia a través de solicitude por rexistro de entrada no concello, nos seguintes casos:

- Modificación das circunstancias sociofamiliares, que determinan os descontos.
- Minoración dos ingresos en mais do 20% en cómputo anual respecto aos aplicados para o cálculo da cota. Esta variación deberá ter unha duración dun mínimo de catro meses para ser tomadas en consideración e xustificaranse coa presentación de



nóminas, certificados de prestacións ou outros documentos que constitúan medios de proba da nova situación económica e que permitan un novo cálculo da renda per cápita da unidade familiar.

f) Baremo para a admisión do alumnado dentro do prazo ordinario:

Criterios preferentes

- 1º As solicitudes para nenos e nenas xa escolarizados na mesma escola no curso anterior.
- 2º As solicitudes de fillos/fillas do persoal que preste servizo na escola infantil.
- 3º As solicitudes para nenos/as con irmás ou irmáns con praza renovada na mesma escola.
- 4º As solicitudes para nenos/as en que as dúas persoas proxenitoras ou un deles, no caso de familias monoparentais, xustifiquen estar ocupadas laboralmente.
- 5º As solicitudes de xornada completa sobre media xornada

Adxudicación de prazas de novo ingreso.

Adxudicadas as prazas indicadas, as vacantes serán adxudicadas de acordo coa puntuación obtida ao aplicar o baremo establecido pola normativa autonómica, mediante o que se avaliará os factores socio familiares, laborais, e económicos da unidade familiar.

En caso de obter igual puntuación terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes de xornada completa con servizo de comedor e despois da aplicación deste criterio daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa.

g) Criterios de preferencia na admisión do alumnado fóra do prazo ordinario de presentación de solicitudes.

Prazo extraordinario de tramitación de solicitudes:

As novas solicitudes presentadas ata o 31 de agosto serán tramitadas e baremadas nun prazo extraordinario no mes de setembro pola Comisión de Seguimento para a súa inclusión na listaxe de agarda ou para a súa incorporación á escola de non existir listaxe de agarda. En ningún caso se terán en conta antes da baremación do mes de setembro

Con carácter excepcional poderanse presentar solicitudes fóra do prazo establecido nos seguintes casos:

-Nacemento, acollemento ou adopción da/o nena/o con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes.

-Cambio de concello de residencia da unidade familiar

As solicitudes presentadas fóra de prazo deberán ir xunto coa xustificación acreditativa da circunstancia que as motiva..

No caso de existir prazas vacantes e non ter lista de agarda poderán acceder a praza por orde de rexistro de entrada.



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Concellería de Servizos Sociais,
Igualdade e Persoas Maiores

Praza Ravella, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 ext. 139 · F 986 501 109
CIF: P/3606000 B
servizossociais@vilagarcia.gal
www.vilagarcia.gal · sede.vilagarcia.gal

En Vilagarcía de Arousa a data da sinatura

Representante legal da entidade titular

Representante legal da entidade xestora